



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente 2019/X999/000200, relativa á provisión por medio da promoción interna dunha praza de Técnico Superior-Coordinador Xeral, Subgrupo A1, creada polo acordo do Pleno de data 30-07-2018, elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións, publicado no BOP de data 31-08-2019, incluída na O.P.E. de 2018, aprobada pola resolución da alcaldía núm. 575/2018, de 21-11-2018, a cal foi publicada no BOP núm. 224 do 23-11-2018.

Logo de ver a resolución da alcaldía núm. 604/2019, de data 09-10-2019, pola que se procede á aprobación da convocatoria e as bases reguladoras do procedemento selectivo por medio de concurso-oposición, promoción interna, consonte á O.P.E. de 2018.

Logo de ver que existen erros na redacción da base Sétima, apartado C, Determinación da puntuación, polo que de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cómpre proceder á rectificación dos erros existentes, e na resolución ditada na data 09-01-2020, núm. 7/2020, no seu punto segundo, non recolle a corrección do erro padecido, polo que cómpre a súa rectificación.

Polo que no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

### RESOLVO

**Primeiro.-** Rectificar o erro padecido no punto "Segundo" da resolución núm. 7/2020, de 09-01-2020, consonte ao establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións, que será do seguinte teor literal:

**"Segundo.-** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na web municipal, ao obxecto da publicidade e xeral coñecemento, co seu contido íntegro:

***"Bases da convocatoria para a provisión dunha praza de Técnico/a Superior de Administración Xeral, por promoción interna, APROBADAS, polas resolucións da alcaldía 604/2019, de data 09-10-2019, e rectificativa de erros de data 09-01-2020.***

*O Concello de Ponteceso, procede á convocatoria para proveer, mediante promoción interna unha praza vacante incluída na Oferta Pública de Emprego de 2018, aprobada pola resolución da alcaldía núm. 575/2018, de 21-11-2018, publicada no BOP núm. 224 do 23-11-2018, e en cuxo expediente consta a xustificación da súa cobertura mediante a promoción interna da praza vacante de Técnico de Administración Xeral, Coordinador Xeral, subgrupo A1, conforme ás seguintes bases:*

#### **Primeira.- Obxecto da convocatoria e funcións:**

- a) *Obxecto da convocatoria: A provisión, en réxime de promoción interna, dunha praza vacante, de funcionario/a, de Técnico/a Superior de Administración Xeral, Coordinador Xeral, encadrada na escala de Administración Xeral, subescala Técnica, clase Superior, grupo A, subgrupo A1, nivel 28.*
- b) *Funcións, as establecidas no acordo do Pleno de data 30-07-2018:*



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- *Coordinación da xestión administrativa municipal entre os distintos servizos e departamentos municipais.*
- *Implantación e dirección da administración electrónica municipal.*
- *Dirección da contratación administrativa municipal, asumindo a xefatura da dependencia de contratación.*
- *Substitución da Secretaría, en casos de ausencia, vacante ou enfermidade, previamente proposto pola Alcaldía e nomeado pola Dirección Xeral de Administración Local.*
- *Xestión de procedementos administrativos en materia de persoal.*
- *Informes e propostas nos distintos procedementos administrativos municipais, que non estean legalmente atribuídos a funcionarios de habilitación nacional.*
- *Levar a cabo as distintas tarefas e obxectivos que estableza para cada período anual a alcaldía, baixo cuxas ordes e mandato exercerá as súas funcións.*

**Segunda.- Publicidade:**

*A convocatoria publicarase no Boletín oficial da provincia da Coruña, na páxina web do Concello de Ponteceso, e, en extracto, no Diario Oficial de Galicia.*

**Terceira.- Requisitos:**

*As persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes:*

- a) Ser funcionario/a de carreira do Concello de Ponteceso, ocupando praza encadrada no grupo A, subgrupo A2, ou grupo C, subgrupo C1, de conformidade co establecido na Disposición Transitoria Terceira do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigo 169.2.a) do RDL 781/1986, polo que se aproba o TRRL, durante un período mínimo de dous anos. Igualmente poderán participar os/as traballadores/ as laborais fixos/ as pertencentes a categorías ás que figuren adscritas as funcións ou os postos que desempeñen, que reúnan os requisitos establecidos na disposición transitoria segunda do TREBEP. Para estes efectos computaranse os servizos prestados polos/as aspirantes nas situacións equiparadas ao servizo activo pola lexislación vixente.*
- b) Estar en posesión ou en condicións de obter o título de Grao, Doutor, Licenciado ou equivalente en Dereito, Ciencias Políticas, Económicas ou Empresariais, de conformidade co establecido no art. 169.2 do RDL 781/1986, TRRL. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación ou convalidación no seu caso.*
- c) Estar en posesión de coñecementos na lingua galega CELGA 4, ou equivalente, Curso Medio en Linguaxe Administrativa Galega ou equivalente, consonte á Orde de 13/06/2011, DOG 24 de xuño.*
- d) Ter capacidade funcional, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que poida afectar ao desempeño das funcións e tarefas do posto de traballo.*
- e) Non ter sido separado/a, nin despedido/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse nun suposto de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos por resolución xudicial*

*Os requisitos establecidos nesta base, deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.*

**Cuarta.- Solicitudes:**



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

a) *Quen desexe participar neste proceso selectivo deberán cumprimentar o modelo oficial de solicitude de admisión a probas selectivas (Anexo I), achegando os documentos acreditativos de reunir os requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria. Igualmente achegaranse á solicitude os documentos, orixinais ou fotocopias compulsadas, acreditativos dos méritos que se aleguen para a fase de concurso. A presentación da solicitude para participar na convocatoria supón a aceptación expresa e formal do establecido nas presentes bases.*

b) *O prazo para presentar a solicitude será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.*

c) *A presentación realizarase por calquera dos medios seguintes:*

- *En soporte papel: no Rexistro Municipal sito na Casa do concello, Rúa Concello 18, ou por calquera dos medios a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No suposto que a solicitude se presente a través das oficinas de Correos deberá ir en sobre aberto para ser datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada.*

- *Por vía electrónica, durante as vinte e catro horas de todos os días do prazo establecido. No suposto de presentación electrónica a mesma realizarase a través de SIR, Rexistro Municipal, ou a través do envío electrónico tras a súa presentación nos Rexistros doutras Administracións Públicas. As solicitudes electrónicas deberán conter a firma electrónica e todos os demais requisitos establecidos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os interesados achegarán ao expediente os documentos adicionais que sexan necesarios conforme aos modelos normalizados, que debidamente asinados polo órgano competente dixitalizaranse e incorporarán xunto coa solicitude electrónica. O Concello de Ponteceso poderá en calquera momento requirir ao interesado a exhibición do documento ou da información orixinal ou solicitar do correspondente arquivo, o cotexo do contido coas copias achegadas. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.*

#### **Quinta.- Admisión:**

*Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación ditará resolución declarando aprobada a lista de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do concello e na páxina web do Concello de Ponteceso, farase pública a lista completa de persoas aspirantes admitidos e excluídos, con indicación do prazo de corrección previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.*

*Finalizado o prazo de corrección de erros, publicarase resolución elevando a definitiva a lista provisional coa inclusión dos aspirantes que foron excluídos e que emendasen erros ou omisións, determinando lugar, data e hora de inicio do procedemento de selección e os compoñentes do Tribunal de Selección. Se non houbera aspirantes excluídos ditarase só a resolución de aspirantes admitidos definitivos.*

*O inicio do procedemento de selección terá lugar, en todo caso, antes de transcorridos seis meses desde a data de finalización do prazo de presentación de instancias.*

*Cuantos actos derivados do desenvolvemento da convocatoria serán obxecto de publicación no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web municipal, [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal). A efectos de cómputo de prazos, rexerá a data de publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios e páxina web municipal.*



concello@ponteceso.r

Tel: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

### **Sexta.- Tribunal Cualificador:**

*Estará integrado por cinco membros (Presidencia, tres Vocais e unha Secretaría), designándose igual número de suplentes. Na designación dos seus membros deberán respectarse os principios de imparcialidade e de profesionalidade, e tenderase á paridade entre homes e mulleres observándose, en calquera caso, o mínimo do 40% de representación de cada sexo. Concello de Ponteceso. Por medio de resolución da alcaldía nomearanse aos membros titulares e aos suplentes, que nos supostos de ausencia, abstención legal ou recusación substituirán aos titulares. A publicación realizárase na sede electrónica municipal [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal). Todos os membros do Tribunal, titulares e suplentes, haberán de ser persoal funcionario de carreira e posuír unha titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza convocada. Ás súas deliberacións poden asistir como observador un representante por cada organización sindical con representación no Concello de Ponteceso.*

*A abstención e recusación dos membros da Comisión de Valoración realizarase de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*A tribunal cualificador poderá actuar validamente coa asistencia do presidente, dous vogais e o Secretario.*

*Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, valorar os méritos e aplicar os baremos correspondentes.*

*Os membros en que concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, deberán absterse de intervir no procedemento comunicándoo á autoridade convocante, podendo ser recusados polos aspirantes admitidos. Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou, no seu caso, suplentes. Cando o procedemento selectivo, por dificultades técnicas ou doutra índole, así o aconsellase, o Tribunal, por medio da súa Presidencia, poderá dispoñer a incorporación ao mesmo, con carácter temporal, doutro persoal de asistencia e doutras Administracións Públicas, que colaborará exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, no desenvolvemento dos procesos de selección e baixo a dirección do tribunal.*

*Ós efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións da comisión de valoración, estarán clasificados na categoría que establece o Anexo IV do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.*

### **Sétima.- Desenvolvemento da convocatoria:**

*O proceso de selección será o de concurso oposición. Soamente valorarase a fase de concurso a aqueles aspirantes que superen a fase de oposición. Constará das seguintes fases:*

#### **A) Fase de concurso, ata un máximo de 20 puntos:**

##### **1. Méritos profesionais, ata 8 puntos.**

##### **a) Grao persoal consolidado, ata 4 puntos:**

- Grao persoal igual ao nivel do posto convocado: 4 puntos.
- Grao persoal inferior entre 2 e 4 niveis ao nivel do posto convocado: 2 puntos.
- Grao persoal inferior entre 4 e 6 niveis ao nivel do posto convocado: 1 punto.

**b) Antigüidade, ata 4 puntos:** Polos servizos prestados na Administración Pública, no Grupo desde o que se promociona para optar ás prazas ofertadas, concederanse 0,05 puntos por mes de servizo, computándose ata un máximo de oitenta meses, acumulando todos os períodos e desprezándose a fracción final resultante inferior ao mes.

FIRMANDO POR Xose Lois García Carballido (FECHA: 10/01/2020 13:23:00)

Emilio Caínzos Quintán (FECHA: 10/01/2020 13:22:00)

Decreto N°: 9/2020 - Fecha de decreto: 10/01/2020  
Versión imprimible

CVD: I9WpXaaqLs9EBOTraMwf  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## **2. Participación en actividades formativas e/ou de perfeccionamento. Estudos Universitarios, Máster e Postgrao. Ata un máximo de 8 puntos.**

*Pola asistencia a cursos ou seminarios sobre materias directamente relacionadas coas funcións e tarefas do posto convocado, e outras análogas relacionadas con materias de carácter tributario, orzamentario ou relacionadas coa Administración Local, acreditados con diploma, certificado de asistencia ou de aproveitamento.*

*Por cada hora lectiva que figure na certificación ou diploma do curso ou seminario: 0,025 puntos.*

*So serán valoradas as accións formativas impartidas polas seguintes entidades: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, Instituto Nacional da Administración Pública, Consellerías competentes en materia de Administración Pública, EGAP, Organizacións sindicais no marco do Acordo de Formación continua, Organismos da Administración Local, Servizos públicos de Emprego e calquera outra Administración Pública non contemplada anteriormente, así como Universidades e Colexios Profesionais.*

*Non se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento nos seguintes supostos:*

- a) Os cursos onde o número de horas de formación non conste expresamente no diploma ou certificado.*
- b) Os cursos onde o número de horas de formación sexa inferior a 20 horas.*

*Por estudos universitarios, por ter unha licenciatura superior ou equivalente a maiores da exixida : 3 puntos*

*Por cada título universitario propio de postgrado (master, especialización ou experto universitario) directamente relacionados coa area de coñecemento do posto de traballo ao que se opta: 2 puntos*

## **3) Nivel de coñecemento da lingua galega, ata 4 puntos.**

*Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:*

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo a Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.*
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo a Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño; ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas; Celga 5, : 4,00 puntos.*

*Só se valorará o título de maior nivel. Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística. A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 4,00 puntos.*

## **B) Fase de oposición: Ata un máximo de 40 puntos.**

*Constará de dúas probas ou exercicios, independentes e eliminatorios entre si.*

**a) Primeira proba:** *Proba teórica, tipo test, consistente en contestar en sesenta minutos, un cuestionario de corenta preguntas, máis cinco de reserva, con catro respostas alternativas, baseadas no anexo III, temas 1 ao 40.*

**b) Segunda proba:** *Consistirá en contestar a dous supostos prácticos, de entre tres propostos, durante un tempo máximo de dúas horas, referentes ao contido dos temas 1 a 40 do temario anexo.*

*A orde de actuación naqueles exercicios que non poidan realizarse conxuntamente será o alfabético, comezando polo aspirante cuxo primeiro apelido empece pola letra "Q", no caso de*



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

#### CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

non haber ningún apelido con esta letra comezarse coa "R", e así sucesivamente, de conformidade coa Orde de 15-03-2019 da Secretaría de Estado de Función Pública (B.O.E. de 18-03-2019).

#### **C) Determinación da puntuación:**

Os exercicios que constitúen a fase de oposición terán carácter eliminatorio entre si e a súa cualificación determinarase polo Tribunal outorgando un máximo de vinte puntos a cada un deles, debendo obter polo menos unha puntuación de 10 puntos para superar cada exercicio.

Na primeira proba, tipo test, cada resposta correcta sumará 0,50 puntos. A puntuación máxima que se poderá outorgar nesta primeira proba será de 20 puntos. Finalizado o exercicio, as persoas que o realizaron, poderán impugnar as preguntas ou reclamar contra as respostas dadas por correctas, mediante escrito dirixido ao Tribunal Cualificador nun prazo que finalizará ao quinto día hábil da publicación das respostas correctas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na na páxina web municipal.

O exercicio da segunda proba cualificarase ata a puntuación máxima de 20 puntos, 10 por cada suposto práctico, coa media resultante das cualificacións outorgadas por cada membro do Tribunal, eliminando, en todo caso, as puntuacións máxima e mínima cando entre estas exista unha diferenza igual ou superior a dous puntos.

A cualificación total obterase por suma das puntuacións obtidas en todos os exercicios e na fase de concurso ata un máximo de sesenta puntos (concurso 20 puntos máximo e oposición 40 puntos máximo). En caso de empate, resolverase pola mellor puntuación obtida no primeiro exercicio; se aínda persistise, á maior puntuación obtida no segundo exercicio, se aínda á obtida na fase de concurso e, por último, se aínda persistise devandito empate, resolverase por sorteo.

#### **Oitava.- resolución da convocatoria:**

Concluída a cualificación, o Tribunal fará pública a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación, non podendo pasar o número de prazas convocadas, e elevará dita relación á Presidencia da Corporación para o nomeamento como funcionario nas prazas convocadas.

#### **Novena.- Presentación de documentos:**

A persoa seleccionada deberá presentar na Secretaría do Concello de Ponteceso, dentro do prazo de vinte días naturais, a contar desde o seguinte a aquel en que se faga pública a relación de aprobados, os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- Certificación do cumprimento do requisito establecido no apartado a) da base terceira desta convocatoria.
- Copia autenticada ou fotocopia, que deberá acompañarse do orixinal para a súa compulsa, do título requirido no apartado b) da base terceira desta convocatoria.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que imposibilite para o servizo na praza convocada, expedido por facultativo competente e en modelo oficial.

Se dentro do prazo indicado e salvo os casos de forza maior, e agás no suposto que os precitados documentos xa consten no expediente persoal en poder da administración, os

FIRMANDO POR Xose Lois García Carballido (FECHA: 10/01/2020 13:23:00) Emilio Caimoz Quintás

(FECHA: 10/01/2020 13:22:00)

Decreto Nº: 9/2020 - Fecha de decreto: 10/01/2020  
Versión imprimible

CVD: I9WpxaaqLs9EBOTraMwf  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE PONTECESO  
 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

*opositores propostos que non presentasen os seus documentos ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade na instancia solicitando tomar parte no concurso oposición. Neste caso, a Presidencia do Tribunal formulará proposta a favor dos que superando todas as probas tivesen cabida no número de prazas convocadas.*

*Os opositores nomeados deberán tomar posesión no prazo de trinta días hábiles, a contar do seguinte ao que lles sexa notificado o nomeamento. Aqueles que non tomen posesión no prazo sinalado sen causa xustificada, decaerán en todos os seus dereitos a ocupar a praza.*

#### **Décima.- Lexislación:**

*Á presente convocatoria seralle de aplicación as Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño; a Lei 13/2015, do 8 de abril, e na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, no que non contradiga ao Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e as bases da convocatoria, supletoriamente será de aplicación o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo.*

#### **Undécima.- Protección de datos de carácter persoal:**

*De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos diixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteceso, Rúa Concello 18, 15110 Ponteceso.*

#### **Duodécima.- Incidencias:**

*O Tribunal queda autorizado para resolver cantas cuestións suscítense referente á interpretación das presentes bases e o seu desenvolvemento.*

#### **Décimo terceira.- Impugnación:**

*Contra as presentes bases, cuxo acordo aprobatorio é definitivo na vía administrativa poderá interpoñerse polas persoas interesadas lexitimadas un dos seguintes recursos:*

*a) Recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín oficial da provincia da Coruña. Se transcorrese un mes desde o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que este fose resolvido, poderá entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade da Coruña no prazo de seis meses.*

*b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín oficial da provincia da Coruña.*

*Contra cuantos actos administrativos definitivos derivados das presentes bases poderán ser interpostos os oportunos recursos polos interesados, nos casos e na forma establecidas na Lei*



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A. Coruña)

39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e na Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**Disposición final:**

A fin de posibilitar a presentación das solicitudes a que se refire as presentes bases a través do Rexistro Electrónico, procédese á aprobación dos modelos de documento telemático que a continuación se relaciona, o cal se remitirá pola vía telemática mediante os sistemas de sinatura electrónica legalmente admitidos:

- Anexo I, solicitude de admisión a probas selectivas do Concello de Pontevedra.
- Anexo II, temario.

En Pontevedra, a 9 de xaneiro de 2020.

O ALCALDE

Asdo.: Xosé Lois García Carballido"

**Segundo.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

FIRMADO POR Xosé Lois García Carballido (FECHA: 10/01/2020 13:23:00)

Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 10/01/2020 13:22:00)

FIRMADO POR Xosé Lois García Carballido (FECHA: 10/01/2020 13:22:00)

Decreto N°: 9/2020 -- Fecha de decreto: 10/01/2020  
Versión imprimible

CVD: IGWxaeagLssREBOYraMwf  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.